No puzle da vida

Estrofas **G – D – Em – C**
Retrouso **Em – C – G – D**
Ponte / transición **Em – C – Bm – D**

Estrofa 1
G – D – Em – C
Buscando amores
nun puzle roto
quebracabezas
dun vello e torto
Moitos xogaron
con aquel xogo
outros marcharon
co medo no corpo
Fuximos xuntos
daquel entorto
máis nos valía
vivos ou mortos

Estrofa 2
G – D – Em – C
Pois hai amores
xuntos na vida,
que nunca se perden
sempre nos guían!
E se algo sentes
aí non dubides,
do teu camiño
ti non desvíes!

Retrouso
Em – C – G – D
E naquel puzle
feito de tempo,
xuntas historia,
xuntas momentos.
Entre o que falta
e o que sobraba,
era o teu peito
o que encaixaba!

Estrofa 3
G – D – Em – C
Pasaron días
pérdense pezas
outras atopas
non hai certeza
Mais se algún día
xuntas as pezas
dun puzle vello
vaia sorpresa!!

Ponte
Em – C – Bm – D
Quedan anacos
do que foi vivido
pezas que o tempo
non leva consigo
E cando pensabas
que estaba perdido
volve aquel anaco
que encaixaba contigoooo!

Estrofa 4
G – D – Em – C
Pois hai pegadas,
mesmo pintadas,
algunhas faltan,
outras afogadas!
E nese intre,
en que algo pasaba,
eses amores,
sempre atopabas!!
Non vivas lonxe,
do albor da noite,
ela te agarda,
nese horizonte...
Pois se algún día
perdes o norte
sempre te agarda
un faro forte!!

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Continuación
Em – C – G – D
Pezas faltaban,
outras sobraban!
moitas xuntabas
ben namoradas!
E cando pensas...
que está perdido!!!
volve aquel anaco!!!!
que encaixaba contigoooo!
volve aquel anaco!!!!
que encaixaba contigoooo!
volve aquel anaco!!!!
que encaixaba contigooooooooo!